


Historia das mulleres en Galicia

Prehistoria. Historia antiga
Idade Medieval
Idade Moderna
Época Contemporánea



Neste libro dase unha visión sintética da traxectoria histórica das mulleres que viviron na Galicia dos séculos XVI a XVIII. Na primeira parte expóñense as fontes de información nas que se asenta a investigación hoxe en día e o marco legal que afectaba as mulleres, para logo dar a coñecer cal era o seu papel na vida familiar e económica, as diferenzas sociais entre unhas mulleres e outras, o seu acceso á educación e á cultura, ou as súas prácticas relixiosas. Remátase a obra con un repaso xeral a como as galegas eran vistas desde fóra de Galicia ou por parte dos propios galegos, e cun conxunto de textos e referencias bibliográficas que poidan ser útiles ao público lector.



NIGRATREA

NIGRA
TREA



XUNTA DE GALICIA | NIGRATREA

OFELIA REY CASTELAO
SERRANA RIAL GARCÍA

Idade Moderna

Historia das mulleres en Galicia

Historia das mulleres en Galicia



Idade Moderna

**OFELIA REY CASTELAO
SERRANA RIAL GARCÍA**

OFELIA REY Castelao é catedrática de historia moderna e Serrana Rial García é doutora en historia e investigadora, as dúas na Universidade de Santiago. En 2009 publicaron *Historia de las mujeres en Galicia, siglos XVI al XIX* (Nigra Trea) e son especialistas en historia demográfica e cultural e en historia social respectivamente; de forma individual teñen numerosas publicacións sobre as mulleres da Idade Moderna, en Galicia pero tamén noutros espazos do norte peninsular.